



FESTIVAIS DE SAN ISIDRO E FIN DE CURSO 2016/2017

O vindeiro domingo **21 de maio**, ás 6 da tarde, celebrarase o Festival de San Isidro no campo da festa de Bugallido. Para preparar esta actuación, haberá un **ensaio xeral o sábado 20** de maio pola mañá de 11:00h a 13:00h en Bugallido, ó que deberán asistir tódolos participantes que os profesores indiquen.

A banda de gaitas, terá que actuar pola mañan na misa de San Isidro, e facer a sesión vermú.

Os ensaios de gaita para este festival, serán os luns **8 e 15 de maio** en Bertamiráns, de 21:15h a 22:15h, e o sábado **13 de maio** en Bugallido, de 18:30h a 19:30h.

Asimesmo, o domingo **18 de xuño**, ás 6 da tarde, celebraremos na Casa da Cultura de Bertamiráns o Festival de Fin de Curso da nosa escola. Participarán tódolos rapaces e rapazas que asistiron as clases durante o curso.

É necesario que confirmedes, aqueles alumnos que ides participar no festival e os que non, e tamén aqueles alumnos que ides acudir ó festival aínda que non actuedes. Confirmádello o antes posible a Inés e a Antonio nas clases.

O sábado anterior día, **10 de xuño, haberá un ensaio xeral** de 11:00h a 14:00h, na Casa da Cultura de Bertamiráns, ó que deberán asistir obrigatoriamente tódolos alumnos participantes.

É necesario que o festival comece puntualmente, polo que os alumnos deberán estar na Casa da Cultura ás 17:30h, **agás os de gaita, que terán que estar as 16:45h** para afinar.

Os ensaios de gaita para este festival, serán os luns **5 e 12 de xuño** en Bertamiráns, de 21:15h a 22:15h, e o sábado **17 de xuño** en Bugallido, de 18:30h a 19:30h.

Ó remate do Festival, entregáraselle un agasallo a tódolos membros da escola, tanto ós que actúen como ós que non e logo haberá uns pinchos para tódolos participantes.

Os agasallos soamente, se entregarán no Festival, non nas clases, por iso é importante que acudan todos, actúen ou non.

REPARTO DE TRAXES:

Aqueles alumnos que vaian participar no festival e aínda non teñan traxe, repartiránse traxes, o mércores **10 de maio de 21:30h a 22:30h**, en Bugallido.

Só se repartirán ese día, non se dará ningún traxe fóra dese horario.

Agradecemoslle a súa colaboración e asistencia ó festival e ós ensaios, e aproveitamos a ocasión para enviarlle un cordial saúdo.

A Directiva

